



PREGUNTA ORAL SOBRE A CONTRACI3N DOS SERVIZOS PARA A XESTI3N DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicaci3n eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusi3n na Orde do día do Pleno da Corporaci3n, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICI3N DE MOTIVOS

Integrantes do goberno municipal de Compostela Aberta cuestionaron, en reiteradas ocasi3ns, o contrato de servizos para a xesti3n dos expedientes sancionadores -por infracci3n de diversas ordenanzas municipais- asinado no ano 2014.

Entendían os concelleiros do goberno de Compostela Aberta que a participaci3n dunha empresa privada na tramitaci3n dos expedientes se orientaba a que se inflasen as contías das sancions. Aínda que tal hipótese non se sostén, pois dos expedientes se responsabilizan funcionarios públicos, diversos integrantes do goberno municipal insistiron naquela maliciosa ocorrencia. Curiosamente, malia ter insistido na demonizaci3n dunha colaboraci3n externa, o actual goberno aprobou o expediente de contrataci3n CON/62/2016, substancialmente idéntico ao anterior.

Á vista do exposto, cabe formular a seguinte pregunta:

- ***Por que, se o goberno entende que a contrataci3n dunha empresa implica un risco de que se inflen as sancions, o Concello procede á contrataci3n dos servizos para a xesti3n de expedientes sancionadores?; ou, en orde a evitar o suposto risco de inflar as propostas de sancions, que garantías se incluíron no novo contrato que non figurasen no anterior?.***

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela